

I Plan de Igualdade de Oportunidades **entre** mulleres e homes

Concello de Laxe
2004–2007



I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello de Laxe

2004-2007

Índice

Presentación	2
Introdución e Xustificación	2
Contextualización	5
Áreas e Obxectivos Xerais	7
Área de Concienciación e Sensibilización	9
Área de Servizos Sociais e Conciliación da vida persoal, laboral e familiar	11
Área de Asociacionismo e Participación Social	13
Área de Educación e Deportes	15
Área de Ordenamento urbano	17
Área de Saúde e Benestar	19
Avaliación	20

Presentación

A tarefa de traballar pola Igualdade efectiva das Mulleres e Homes vense desenvolvendo, dun xeito máis intenso, desde a creación de políticas específicas destinadas a compensar as desigualdades que por razón de xénero aínda seguen vixentes na sociedade actual.

Durante estes anos, en Galicia, puxéronse en marcha distintos programas e servizos destinados á muller, pero era necesario o establecemento dun marco xeral de traballo que implicara a todas as áreas municipais.

O *I Plan de Igualdade de Oportunidades de Laxe* é o documento marco de actuación para o Concello de Laxe en materia de Igualdade para o período 2004-2007 e preséntase como un instrumento de traballo onde se recollen as actuacións a realizar desde distintos ámbitos da sociedade e departamentos municipais.

O Concello quere facer visible que este documento é posible grazas á participación, na súa elaboración, das asociacións de Laxe, axentes sociais, centros de educación e saúde, así como ás propostas realizadas desde os Servizos Sociais do Concello de Laxe, e subliñar que o correcto desenvolvemento do Plan non será posible sen a participación de todas e todos.

Introdución e Xustificación

Un *Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades* (PIOM) é un instrumento de traballo, no que se establecen actuacións dirixidas a mellorar as situacións de desigualdade das mulleres en todos os ámbitos da vida social, encamiñadas a lograr unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Non só as mulleres son beneficiarias deste Plan, pois os beneficios que poden derivarse da súa aplicación revertirán, con seguridade, no conxunto da sociedade.

Un *Plan Municipal de Igualdade* ten unha incidencia moi directa para as e os habitantes do Concello por ser este o marco por excelencia da convivencia de homes e mulleres, e a administración local a instancia máis cercana ás necesidades, intereses e inquiredanzas da cidadanía.

Para elaborar o deseño deste *Plan Municipal* tivéronse en conta os seguintes marcos referenciais:

- **No Ámbito Internacional**, os acordos adoptados na *IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres*, celebrada en Beijing (China), en setembro de 1995, e reflectidos na Plataforma para a Acción. A esta conferencia mundial, convocada pola ONU, asistiron 189 países, desempeñando España o papel de portavoz da Unión Europea.

Os gobernos participantes comprometéronse a cumprir os acordos recollidos no documento final, un programa encamiñado a eliminar os obstáculos que dificultan a participación activa das mulleres en todas as esferas da vida pública e privada.

- **No Ámbito da Unión Europea**, o marco de referencia para este Plan Municipal é o *IV Programa de Acción Comunitario para a Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres, 1996-2000*, aprobado polo Consello de Traballo e Asuntos Sociais en data de 22 de decembro de 1995.

O programa inscríbese nas perspectivas e conclusións da *IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Pekín* e coas prioridades establecidas no Libro Branco sobre Política Social Europea no Libro Branco sobre Crecemento, Competitividade e Emprego.

Este programa impulsa un novo xeito de actuación, o “mainstreaming”, que consiste en que as políticas de igualdade de oportunidades se desenvolvan dunha forma transversal.

O programa "pretende promover a integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, aplicación e seguimento das políticas, medidas e accións realizadas a nivel comunitario, e nos estados membros (Principio de Mainstreaming)".

Segundo o Consello de Europa, estes serían os requisitos necesarios e as condicións que facilitarían o desenvolvemento adecuado da transversalidade de xénero:

- Vontade e compromiso político para eliminar os desequilibrios existentes entre homes e mulleres e erradicar as súas causas. Por iso, requírense recursos humanos e financeiros suficientes para a consecución de obxectivos.
- Coñecementos interdisciplinarios sobre as desigualdades entre mulleres e homes e as relacións de xénero como base para o debate público e as decisións políticas. De aí, a necesidade de formar o persoal responsable de integrar a perspectiva de xénero nas políticas ordinarias.
- Reforzo dos aspectos que constitúen as políticas específicas de igualdade: medidas lexislativas, accións específicas de igualdade dirixidas a mulleres ou a homes...

- **No Ámbito Estatal**, o *IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2003-2006)* foi aprobado o 7 de marzo do 2003 polo Consello de Ministros, e presentado ese mesmo día, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller (8 de marzo).

Nel establécense as liñas de actuación do Instituto da Muller para os seguintes catro anos, co fin de introducir a igualdade de xénero en todas as políticas de intervención, así como de impulsar o avance das mulleres naqueles ámbitos da vida social nos que a súa presenza é, aínda, insuficiente.

“Mainstreaming”, vida económica, toma de decisións, calidade de vida, fomento da igualdade na vida civil, valores e actitudes igualitarias, conciliación da vida familiar e laboral, máis a cooperación, constitúen as oito áreas que vertebran o IV Plan. En cada unha delas inclúense actuacións concretas a levar a cabo, que apostan pola igualdade entre mulleres e homes, baixo o nomeado concepto de “mainstreaming”.

Outro principio fundamental que inspira este Plan é o de cooperación, referido á colaboración entre os diferentes axentes que poden estar implicados na súa posta en marcha: Administracións públicas, axentes sociais, ONGs e, incluso, a sociedade en xeral.

- **No Ámbito Autonómico**, o *IV Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da Comunidade Autónoma de Galicia, 2002-2005*, tamén recolle o Principio do “Mainstreaming”. Está estruturado en catro áreas de traballo e integrado por un total de seis áreas que se consideraron de prioritaria intervención. Son as seguintes:

- **Área 1: Cooperación, participación sociopolítica e empoderamento.**
- **Área 2: Educación en igualdade.**
- **Área 3: Información, sensibilización e medios de comunicación.**
- **Área 4: Formación, emprego e conciliación da vida persoal, familiar e laboral.**
- **Área 5: Saúde integral e promoción da inclusión social.**
- **Área 6: Cultura, ocio e deporte.**

Por outra banda, a nivel lexislativo, a Xunta de Galicia vén de aprobar este ano a *Lei para a Igualdade de Mulleres e Homes (7/2004 do 16 de Xullo)*. Esta lei, en dous títulos, establece diversas medidas de defensa da igualdade entre mulleres e homes.

No primeiro, regúlase a actuación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, buscando, ao mesmo tempo, dar cobertura legal a actuacións en vigor e ampliar as posibilidades de actuación, con respecto a aspectos nos que se estime necesario actuar; aínda que, en aplicación da transversalidade, non é un elenco exhaustivo, polo que resulta factible que no futuro se incida noutros aspectos distintos, se así se considerase necesario.

No segundo, regúlanse os aspectos da tutela antidiscriminatoria no emprego público galego coa intención da asunción exemplar, pola Xunta de Galicia, do seu compromiso co principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, en relación coa totalidade do persoal ao seu servizo. Para isto, resulta necesario un instrumento lexislativo que garanta, precisamente, a uniforme aplicación das melloras concedidas ás distintas clases de persoal.

Todos estes documentos determinan as liñas a seguir no desenvolvemento de Plans de Igualdade, adaptándose ás características específicas dos ámbitos locais.

- **No Ámbito Municipal**, o Concello de Laxe, asumindo o compromiso de traballar pola igualdade de oportunidades, proxecta no mes de setembro do 2004 o deseño do *I Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello*. Para a elaboración deste primeiro Plan, contouse coa participación e implicación das distintas áreas municipais e recolléronse propostas presentadas polo tecido social.

Este Plan Municipal, en función das necesidades detectadas, incide con máis intensidade en dous dos seus obxectivos máis ambiciosos: o fomento do asociacionismo de mulleres no Concello de Laxe, e garantir a integridade e seguridade física, emocional, psicolóxica e sexual das mulleres.

Contextualización


O Concello de Laxe atópase ao noroeste da Comunidade Galega, na zona denominada Costa da Morte, na provincia da Coruña. Ten unha extensión de 36,9 Km² e desde o punto de vista sociodemográfico, posúe un número de habitantes de 3.579, dos cales 1.799 son varóns e 1.780 mulleres. Esta poboación distribúese en seis parroquias: Serantes, Nande, Traba, Sarces, Soesto e Laxe.

A pirámide de poboación é bastante equilibrada e homoxénea en canto a sexos, amosando maior concentración de mulleres na medida que avanzamos nas franxas de idade, debido á maior esperanza de vida do colectivo feminino, coincidindo este dato coa situación demográfica actual de Galicia. Polo tanto, situámonos ante unha realidade de poboación en proceso de envellecemento cun índice do 103,1(2002 IGE).

A poboación activa –1.232 persoas–, concéntrase fundamentalmente nos sectores da Agricultura (581), Construción (268) e Comercio (165), mentres o restante distribúese na Industria Extractora (5), Manufacturada (76), Produción de enerxía (4) e outros tipos (133) (Datos proporcionados polo proxecto SINGRA).

A distribución destes sectores produtivos está directamente ligada ao xénero como é o caso da Pesca e a Construción, onde o número de mulleres é practicamente inexistente, sendo a Industria, a Agricultura e o sector Servizos nos que o número de varóns e mulleres está máis equilibrado aínda que o número de varóns ocupados é sempre superior, segundo datos de Instituto Galego de Estatística.

En canto á evolución do desemprego no ano 2004 é de salientar que a pesar de que este descende de decembro de 2003 a xullo de 2004, o número de mulleres desempregadas apenas sofre variacións, como se pode observar na seguinte gráfica:



A taxa de paro é notablemente maior nas mulleres (121 en xullo do 2004 (IGE)) fronte aos homes (84 na mesma data); esta diferenza é máis apreciable nas persoas maiores de 25 anos (72 homes-104 mulleres), xa que esta é a idade na que moitos e moitas xoves rematan a súa etapa de estudo ou preparación e tentan incorporarse ao mundo laboral. Esta precariedade laboral, común ao resto da autonomía en maior ou menor medida, tradúcese para as mulleres nunha desigualdade de soldos, en menos oportunidades á hora de acceder a un posto, na dificultade de conciliar a vida laboral coa doméstica e en certas carencias en canto a formación.

Respecto da participación social das mulleres, obsérvase unha representación política feminina baixa (de 11 concelleir@s atopamos 2 mulleres). En relación ao asociacionismo, percíbese un número escaso de asociacións e tan só unha centrada baixo a especificidade de xénero (unha asociación de mulleres cunha longa traxectoria e un número importante de mulleres).

A nivel educativo e de formación, atopámonos con 2 escolas unitarias, e un CPI que están traballando diferentes aspectos da educación non formal, entre elas a educación pola igualdade. Tamén cabe resaltar o labor dunha Escola de Nais e Pais. Estes eventos na actualidade están dirixidos polo Departamento de Servizos Sociais do Concello, en colaboración co Proxecto Singra.

A nivel sociocultural e de servizos sociais, o Concello leva a cabo unha programación de cursos variados e actividades estables como as de música e teatro, deportes, alfabetización de adultos e informática, entre outras. Cabe salientar a posible posta en funcionamento dunha radio local.

Ademais, é importante destacar as Xornadas sobre a Violencia de Xénero que desde o Concello se teñen celebrado durante tres anos e que resultaron un éxito de participación, de difusión e repercusión social, especialmente sobre as mulleres de Laxe.

No terreo sociosanitario, atopamos unha farmacia e un centro de saúde de atención primaria, onde se derivan as mulleres ós centros de Carballo ou COF da Coruña, sempre e cando sexa preciso. Son as mulleres as principais usuarias destes servizos ben polo cumprimento do seu rol como coadoras, ben como pacientes.

Á vista destes datos, o *I Plan de Igualdade Municipal do Concello de Laxe* pretende achegar á poboación de Laxe unha ordenación racional dos recursos sociais, culturais, económicos e de urbanismo tendo como base o protagonismo das cidadás e do Concello baixo o prisma da participación activa e do consenso e dende unha perspectiva de xénero. É unha planificación destinada a iniciar un camiño, o da igualdade real entre mulleres e homes, centrado na mellora das condicións de vida para Elas pero que beneficia a Tod@s no seu conxunto.

Áreas e Obxectivos Xerais

O Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Laxe está estruturado en seis áreas de traballo, ás que corresponden seis obxectivos xerais:

1. Área de Concienciación e Sensibilización

Obxectivo Xeral:

Promover a Igualdade de Oportunidades de forma normalizada e integral, procurando a implicación de todos os axentes públicos e privados no logro deste obxectivo.

2. Área de Servizos Sociais e Conciliación da vida persoal, laboral e familiar

Obxectivo Xeral:

Difundir e mellorar os servizos de atención á muller e poñer á disposición das mulleres mecanismos que lles permitan que a conciliación persoal, laboral e familiar sexa unha realidade máis próxima.

3. Área de Participación e Asociacionismo

Obxectivo Xeral:

Promover a participación social das mulleres tanto no ámbito público como privado, promocionando especificamente o asociacionismo e a participación activa nos eidos da Cultura, Deportes e Tempo de Lecer.

4. Área de Educación e Deportes

Obxectivo Xeral:

Fomentar a educación para a igualdade real entre mulleres e homes.

5. Área de Ordenamento Urbano

Obxectivo Xeral:

Traballar o medio urbano para que o seu uso sexa accesible para todas e todos os cidadáns.


6. Área de Saúde e Benestar

Obxectivo Xeral:

Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás súas necesidades específicas.

Estes Obxectivos Xerais materialízanse noutros obxectivos específicos que se desenvolverán por medio de actuacións. Nas actuacións combínanse accións que corresponden aos retos dunha sociedade en transformación e outras denominadas accións positivas, que son necesarias para erradicar as desigualdades de carácter máis estrutural e máis enquistadas na sociedade.

igual dá



Área de Concienciación e sensibilización

Obxectivo Xeral 1:

Promover a Igualdade de Oportunidades de forma normalizada e integral mediante a información e a sensibilización da poboación laxense no seu conxunto.

Obxectivo Específico 1.1:

Informar e sensibilizar sobre as situacións de desigualdade na que seguen vivindo as mulleres e das maneiras de superalas.

Actuacións	Organismos Responsables
<ul style="list-style-type: none">• Organizar ciclos, charlas, xornadas, cursos, etc. sobre temática de xénero	Concello, Asociacións, Centros de Ensino
<ul style="list-style-type: none">• Crear a figura no Concello da Técnica en Igualdade de Oportunidades	Concello
<ul style="list-style-type: none">• Elaborar un estudo sociolóxico con perspectiva de xénero e difusión dos datos e as conclusións	Concello
<ul style="list-style-type: none">• Aproveitar a futura Radio Municipal como medio de difusión de campañas informativas sobre a Igualdade de Oportunidades, para a realización de programas que teñan uns contidos de interese específico para as mulleres e para convocar a cursos, charlas, actividades, etc.	Responsables da radio Departamento de Servizos Sociais e de Cultura e Deportes do Concello
<ul style="list-style-type: none">• Introducir normativa municipal conforme coa normativa autonómica, estatal e internacional en relación á promoción da Igualdade de Oportunidades	Representantes políticos e políticas
<ul style="list-style-type: none">• Crear un Foro pola Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na páxina web do Concello	Concello

Obxectivo Específico 1.2:

Concienciar o persoal da Administración Local da discriminación existente na nosa sociedade que dificulta o proceso de plena equiparación da muller e sensibilizala para que fomente a igualdade de oportunidades.

Actuacións

Organismos Responsables

• Introducir contidos específicos de xénero nos cursos de reciclaxe do persoal

Concello

• Elaborar unha guía, ou utilizar unha que xa estea feita, de recomendacións para eliminar a terminoloxía sexista dos textos legais, impresos e folletos que se elaboran desde o Concello, así como da páxina web, ou calquera outro medio de comunicación ou información da administración

Concello



Área de Servizos Sociais e Conciliación persoal, laboral e familiar

Obxectivo Xeral 1

Difundir e mellorar os servizos de atención á muller e poñer á disposición das mulleres mecanismos que lles permitan que a conciliación persoal, laboral e familiar sexa unha realidade máis próxima.

Obxectivo Específico 1.1:

Informar e sensibilizar sobre as situacións de desigualdade nas que se-
guen vivindo as mulleres e das maneiras de superalas.

Actuacións

Organismos Responsables

- Realizar un estudo prospectivo de xénero sobre o coñecemento, utilización e destinatari@s dos Servizos Sociais (para coñecer a situación social das mulleres e as causas do proceso progresivo da feminización da pobreza)

Servizos Sociais do Concello

Obxectivo específico 2.2:

Informar as mulleres sobre os seus dereitos, axudas, prestacións e recur-
sos sociais existentes e sobre a forma de acceso aos mesmos.

Actuacións

Organismos Responsables

- Publicación dunha guía de recursos sociais que recolla a totalidade da oferta dos servizos sociais socio-comunitarios

Concello

- Proseguir coa información e orientación que se efectúa coas mulleres de modo personalizado a través dos Servizos Sociais, sobre as posibilidades de utilización e acceso aos recursos

Departamento de Servizos Sociais

- Seguir informando e asesorando xuridicamente as mulleres de maneira gratuita respecto do exercicio dos seus dereitos

Departamento de Servizos Sociais

- Concienciar as mulleres con dificultade para ler e escribir sobre a necesidade de superar esta etapa de formación como medio de integración social
- Departamento de Servizos Sociais

- Realizar unha campaña de concienciación sobre as dificultades que se engaden ao analfabetismo instrumental e funcional e de información dos programas existentes de alfabetización
- Departamento de Servizos Sociais

Creación dun Punto de Atención Infantil ou Ludoteca

Concello

Obxectivo específico 2.3:

Sensibilizar e concienciar a poboación e a profesionais implicad@s no tema da Violencia de Xénero acerca da mellora das condicións de atención das vítimas de malos tratos e/ou agresións sexuais e acoso sexual, e da coordinación das diversas actuacións institucionais para dotalas de maior eficacia, co fin de conseguir progresivamente acabar con este tipo de violencia.

Actuacións

Organismos Responsables

- Crear un instrumento de estudo estatístico universal e homoxeneizado que facilite a recollida de datos institucionais, sociais, forenses/legais, policiais e hospitalarios involucrados que permita analizar a incidencia real e a situación desta problemática
- Servizos Sociais do Concello, Personal dos Centros de Saúde, do Xulgado, das forzas de Seguridade
- Sensibilizar tanto a poboación xeral como a profesionais implicad@s, alentando a formulación de denuncias
- Servizos Sociais do Concello, Personal dos Centros de Saúde, do Xulgado, das forzas de Seguridade
- Concienciar a xuventude das diferentes manifestacións da Violencia de xénero: acoso, malos tratos, violación, agresión, etc.
- Punto de Información á Xuventude

Área de Asociacionismo e Participación Social

Obxectivo Xeral 1:

Promover a participación e a plena integración das mulleres en todos os ámbitos da vida pública.

Obxectivo específico 3.1:

Fomentar a creación, dinamización e mantemento de asociacións de mulleres.

Actuacións	Organismos Responsables
------------	-------------------------

- | | |
|---|----------------------------------|
| • Intermediar na solicitude dunha mellora do espazo do colectivo de mulleres "Amas de Casa" | Concello |
| • Fomento da participación de mulleres na futura radio municipal, como parte activa deste medio de comunicación | Concello |
| • Determinar unha asignación especial na convocatoria de subvencións municipais para a promoción de asociacións de mulleres ou aquelas que promovan programas para a igualdade de oportunidades | Concello |
| • Organizar cursos dirixidos a mulleres para a promoción do asociacionismo e para a mellora do nivel de organización, xestión e coordinación das asociacións xa existentes | Concello |
| • Establecer subvencións para a realización de actividades que fomenten a igualdade entre mulleres e homes para todo tipo de asociacións (culturais, deportivas...) | Concello |
| • Continuar prestando asesoramento xurídico-financeiro, sobre subvencións, etc. ás Asociacións de Mulleres e difundir este servizo | Departamento de Servizos Sociais |
| • Sensibilizar as mulleres para que se asocien | Concello |
| • Coordinarse coas asociacións e colectivos existentes para a realización de cursos e actividades | Concello,
Asociacións |

Obxectivo específico 3.2:

Promover actividades culturais que permitan ás mulleres iniciar un proceso de educación para a cultura, asumindo a importancia que esta ten no desenvolvemento persoal (música, cine, teatro...)

Actuacións

- Realización de cursos que non supoñan unha extensión no tempo de formación ou de lecer do papel tradicionalmente desenvolvido por mulleres e por homes, como podería ser un Curso de Cociña creativa para homes, un Curso de Técnica audiovisual para mulleres

Organismos Responsables

Departamento de Servizos Sociais

- Informar das actividades culturais en espazos tradicionalmente femininos

Concello,
Asociacións



Área de Educación e Deportes

Obxectivo Xeral:

Fomentar a educación para a igualdade real entre mulleres e homes.

Obxectivo específico 4.1:

Sensibilizar a comunidade educativa e a familia sobre a importancia de promover en igualdade (coeducación) no proceso de socialización das nenas e dos nenos, así como facilitar ferramentas que contribúan a garantir a non discriminación sexista e favorezan a aplicación do principio de igualdade de oportunidades.

Actuacións

Organismos Responsables

- | | |
|---|-----------------------------------|
| • Continuar facilitando bibliografía sobre o tema da coeducación nas bibliotecas dos centros de ensino para o profesorado e persoal interesado no tema, e bibliografía dirixida ao alumnado con contidos non sexistas | Concello,
Centros de Ensino |
| • Continuar as intervencións de educación para a saúde desenvolvidas nos centros de ensino (sexualidade, alimentación, VIH, drogadición, autoestima), así como as que teñen relación coa prevención de condutas violentas | Concello,
Centros de Ensino |
| • Mantemento e impulso dos obradoiros de educación afectivo-emocional e de habilidades sociais no centro de ensino de Primaria | Concello,
Centros de Ensino |
| • Crear ou impulsar as escolas de Nais e Pais nos Centros de ensino | Concello |
| • Crear un espazo dedicado á temática de xénero na Biblioteca Municipal | Concello,
Biblioteca Municipal |

Obxectivo específico 4.2:

Tomar conciencia da existencia de valores diferenciados en función da identidade de xénero e fomentar novas actitudes e comportamentos entre educadores/as e o persoal técnico que deseña as actividades lúdicas e socioculturais para os e as menores, acordos coa igualdade de oportunidades nas aulas.

Actuacións

Organismos Responsables

- Promocionar programas de ocio creativo e diversificado, fomentando a participación en igualdade

Concello, Centros de Ensino, Asociacións e Organizacións, Punto de Información Xuvenil

- Animación á lectura para nenas e nenos a través de contidos que potencien a igualdade

Concello

- Sensibilizar a nais e pais para que fomenten a participación de nenas e nenos nos deportes municipais sen atender á participación que por rol de xénero e de forma tradicional se veñen dando nas diferentes prácticas deportivas

Concello,
Escola Deportiva

- Organizar un campamento de verán para nais, pais, fillas e fillos

Concello



Área de Ordenamento Urbano

Obxectivo xeral:

Traballar o medio urbano para que o seu uso sexa accesible para todas e todos @s cidadáns.

Obxectivo Específico 5.1:

Potenciar a supresión das barreiras arquitectónicas no Concello.

Actuacións

- Tomar as medidas necesarias para evitar as barreiras á mobilidade urbana, xa sexa de deseño (malos accesos aos espazos públicos, bordos sen rebaixar nos pasos de peóns/as, beirarrúas estreitas, obstáculos de mobiliario urbano, árbores mal colocadas) ou coxunturais (mal aparcamento de automóviles, etc.)

Organismos Responsables

Concello,
Centros de Ensino,
Asociacións e Organizacións

Obxectivo específico 5.2:

Reivindicar o papel da muller na vida e na historia local, potenciando o seu recoñecemento público e unha presenza permanente na memoria histórica.


Actuacións

- Identificar o concello con nomes de mulleres, poñendo os seus nomes nas rúas e edificios públicos

Organismos Responsables

Concello





igualdá

Area de Saúde e Benestar

Obxectivo xeral:

Mellorar as condicións de benestar das mulleres atendendo ás necesidades específicas.

Obxectivo específico 6.1:

Implantar programas de Educación sanitaria que faciliten un mellor coñecemento sobre a saúde en xeral, sobre os cambios biolóxicos, e sobre calquera adquisición de hábitos saudables para mellorar a súa calidade de vida.

Actuacións

Organismos Responsables

- Actividades (Campañas, charlas, etc.) sobre diversos temas:
 - Cancro de Mama e Cérvix
 - Planificación familiar (enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, etc.)
 - Anorexia, Bulimia (trastornos mentais)
 - Enfermidades crónicas: osteoporose, hipertensión, fibromialxía, diabete...
 - Climaterio e menopausia
 - Actividades relacionadas con temas como o consumo, a nutrición e a hixiene

Concello,
Asociacións,
Centro de Saúde,
Farmacia

- Mellorar a saúde laboral das mulleres

Concello, Departamento de orientación laboral

- Manter a actuación do programa de primeiros auxilios para mulleres coidadoras, amas de casa, etc.

Concello

Obxectivo Específico 6.2:

Impulsar a posta en marcha de programas sobre sexualidade saudable.

Actuacións

Organismos Responsables

- Realización de campañas de prevención de embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual en colaboración cos centros educativos e de planificación familiar

Concello,
Punto de Información Xuvenil

Obxectivo Específico 6.3:

- Favorecer a integración da muller na sociedade potenciando a súa autoestima e a asertividade e xerando un maior valor social

Actuacións

Organismos Responsables

- Creación de grupos de autoaxuda, en relación a determinadas enfermidades ou situacións sociais

Dpto. Servizos Sociais, Asociacións

- Obradoiros de desenvolvemento persoal para mulleres

Dpto. Servizos Sociais

Avaliación

Á hora de poñer en marcha este *I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes*, quédanos por último explicar o proceso de avaliación do mesmo, que proporcione información sobre o seu alcance en canto aos obxectivos propostos e no que se refire ao desenvolvemento do mesmo. Neste caso trátase dun proceso de avaliación continua que permita analizar a adecuación das accións á poboación diana.

O método que propoñemos para o seguimento do Plan baséase no uso de enquisas para cada actividade realizada, que conterán, como mínimo, os seguintes indicadores:

1. Organismo/Entidade responsable
2. Área de actuación
3. Obxectivo xeral e específico
4. Tipo de actividade
5. Denominación da actividade
6. Poboación destinataria
7. Nº de asistentes ou persoas beneficiarias
8. Ámbito xeográfico
9. Colaboracións (Organismos que puideron prestar a súa colaboración: Asociacións, ONGs, Consellerías, etc.)
10. Financiamento (Indicar organismo e orzamento)
11. Data de realización
12. Valoración (Aspectos positivos e negativos da actividade)

Os datos recollidos das enquisas serán analizados cada 6 meses nunha xuntanza de seguimento do Plan por parte das persoas responsables de que o mesmo vaia adiante.

Así mesmo, ó final de cada ano, elaborárase unha memoria anual onde se reflectirán a pertinencia, a eficacia e a utilidade en función dos datos obtidos.

Avaliación dos Resultados

En canto á avaliación dos resultados deste I Plan de Igualdade, farase de xeito:

- **Cuantitativo:** contabilización das actuacións iniciadas ou non iniciadas ou sen finalizar, en función dos indicadores anteriormente sinalados. Ademais estudarase a evolución da poboación feminina dende a posta en marcha do Plan ata o ano de finalización.
- **Cualitativo:** obtención de información sobre a opinión de todas as persoas implicadas no desenvolvemento do Plan (Organismos implicados e colectivos beneficiarios).

Por último, e unha vez finalizada a vixencia do Plan, elaborárase un informe final no que se inclúan os resultados, indicando o que se fixo e cómo se fixo, ademais de incluír propostas para a mellora no deseño de plans posteriores.



Concello de Laxe



FONDO
SOCIAL
EUROPEO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO